

**XVIII XORNADAS  
DE EDUCACIÓN INFANTIL**

sábado 18 de abril de 2015

IES As Fontiñas (1/ Estocolmo, 5) - Santiago de Compostela





# PROGRAMA

De 09:45 a 10:00

**Recepción e entrega de material**

De 10:00 a 12:15

**A xestión das emocións: un reto indispensable para a educación e a convivencia.**

**Carmen Loureiro López, Profesora de Lingua e Educación para a Cidadanía no IES da Illa de Arousa. Mestre e Licenciada en Psicoloxía.**

Coñecernos e coñecer as persoas que nos rodean é indispensable para regular a conduta. Desa regulación dependerá a nosa estima e a convivencia cidadá. Por esa razón, apostar polo coñecemento das emocións propias e alleas, a autonomía, a empatía e o respecto, é unha obriga da educación do século XXI.

De 12:30 a 14:00

**As aulas temáticas e a aprendizaxe cooperativa, dúas liñas de traballo no CPI de Atios, Iago Cadarso. Mestre de EI no CPI de Atios (Valdoviño).**

A distribución dos espazos condiciona en gran medida a actividade na escola. Nesta experiencia veremos unha posibilidade de traballar en aulas temáticas e como inflúe no equipo docente e na dinámica das nenas e nenos. Tamén veremos como desde a Educación Infantil podemos sentar as bases dunha educación máis inclusiva grazas á aprendizaxe cooperativa.

De 16:00 a 18:30

**Xogos-baile para aprender e gozar.**

**Olga Kirk Martínez, docente en varias escolas de música tradicional.**

Obradoiro de canto, música e xogos dirixido a mestras e mestres de nenos e nenas cunha idade comprendida entre os 3 e os 8 anos. Ten como finalidade a aprendizaxe de cancións infantís e xogos tradicionais relacionados con estas cancións e coa fala, así como algunha melodía cantada acompañada dos ritmos básicos da nosa cultura musical. Aproveitaremos tamén para aprender algún baile e xogo baile, para que os nenos e nenas poidan traballar a psicomotricidade, así como espertar o seu interese pola música, o baile e a nosa tradición facendo disto unha actividade lúdica que lles permita aprender gozando.

De 18:30 a 20:00


**Medindo e contando.**

**Beatriz Carballeda Moroño, Mestre de E.I. do C.E.I.P. Plurilingüe Alexandre Bóveda.**

A través deste proxecto tratamos de descubrir no entorno que nos rodea e na realidade cotiá os aspectos matemáticos presentes na mesma. As cuestións tratadas son moi diversas e abranguen aspectos como a numeración na vida cotiá, a representación dos aspectos cuantitativos nas rutinas diarias, a numeración a partir dos contos clásicos ou as secuencias temporais.

**Ás 20:00**

**Clausura**



**XVIII XORNADAS DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**sábado 18 de abril de 2015**

**IES As Fontiñas (I/ Estocolmo, 5) - Santiago de Compostela**



# XVIII XORNADAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

sábado 18 de abril de 2015

IES As Fontiñas (1/ Estocolmo, 5) - Santiago de Compostela

## MATRÍCULA

Realizarase a través da web da as-pg:  
[www.as-pg.com](http://www.as-pg.com)

E tamén na web CIG-Ensino:  
[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com), apartado de Formación

Prezos:

Soci@s da AS-PG e afiliad@s da CIG-Ensino: 10€  
Pard@s: 20€ / Normal: 30€

O número de prazas é limitado  
e cubrirase por rigorosa orde de  
inscrición, tendo en conta que hai  
unha reserva máxima dun 30%  
para aquelas persoas que nunca  
traballasen na docencia para  
a Consellaría de Educación.

ORGANIZA:

